CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	É quen de lozalizar información contrastada, aínda que non utilice fontes moi diversas. Coñece o concepto de propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Segue de forma xeral as indicacións son respecto ao uso crítico, seguro, sustentábel e saudábel das tecnoloxías dixitais.	TI	45
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa case sempre as producións escritas e é quen de detectar, como mínimo, a metade dos erros. Na produción oral mantén un ritmo pausado, pensando o que di e é quen de corrixir algún erro.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Adopta unha actitude crítica e reflexiva sobre os textos, aínda que non sempre sexa quen de detectas os usos discriminatorios e/ou manipuladores da linguaxe.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Polo regular é quen de procurar utilizar e fomentar o uso do diálogo como forma de resolución de conflitos.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa case sempre os seus textos e é quen de detectar algúns problemas de comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión)
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.

## Contidos

- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas metodolóxicas xerais da materia deben promover a participación do alumnado e a súa implicación no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Consideramos fundamental promover o espírito de participación e o traballo colaborativo dentro e fóra da aula. As explicacións teóricas non centrarán nunca unha aula completa, tratarase sempre de que a teoría sexa exposta de forma breve, sinxela, apoiada en recursos audiovisuais sempre que for posíbel, acompañada de exemplos variados e con vínculos coas actividades que se van desenvolver na aula e coa realidade do alumnado, de forma que se garante verdadeiramente a aprendizaxe significativa. Na aula o traballo diario desenvolverase de forma individual, en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo segundo o tipo de actividades que se vaian realizar. Procurarase sempre que as diferentes agrupacións do alumnado se sucedan no tempo, de modo que nunha mesma quincena non se traballe sempre do mesmo modo. Coa finalidade de favorecer o espírito de colaboración dentro do grupo os diferentes agrupamentos non se realizarán sempre do mesmo modo, así permitiranse agrupamentos libres, organizados polo/a docente ou aleatorios.

As liñas metodolóxicas dunha materia da área lingüística deben partir da potenciación da expresión oral e da expresión escrita, así como do traballo das correspondentes comprensións, como cerna que alicerce a posta en práctica dos coñecementos ortográficos, gramaticais ou léxicos. Tendo en conta o contexto de partida do noso centro onde, como xa sinalamos, non se manifestan fortes prexuízos ou animadversión cara á nosa lingua, mais si se fai patente unha forte descoñexión non xa só do alumnado, senón tamén das familias, coa realización lingüística e cultural de Galiza é necesario compor no centro espazos de uso, partir da aula como lugar de práctica para trasvasar os coñecementos adquiridos a outros contextos. O coñecemento lingüístico excluído do uso pasa a ser un saber inútil, por tanto cómpre realizarmos actividades, tarefas e traballos na aula e fóra dela que potencien as diferentes características do alumnado, que axuden a integrar a aquel alumnado que por orixe ou por costume se vexa máis afastado da nosa lingua.

Canto ao coñecemento literario unha análise da realidade dos últimos anos mostra que este ficou cada vez máis reducido á mera aprendizaxe de datos, sen garantir unha adecuada comprensión do contexto sociohistórico e moi menos unha correcta interpretación dos propios textos. Apreciamos a necesidade de presentar perante o alumnado textos actuais, variados xenericamente e con diversidade de autores e autoras, procurando temáticas que poidan resultar do seu interese, mais tamén alternando con textos doutros niveis de dificultade, facendo do estudo da Literatura algo vivo, que se le, mais se que sente, que se interpreta, que se reescribe, que se pon en xogo, que se muda á vontade para conseguir producións diversas e colaborar na construción das ideas estéticas, do gusto lector ou, cando menos, para alicerzar a construción do interese polo mundo da cultura e que, en última instancia, redunde no coñecemento do ser humano, das súas emocións e pensamentos e no modo de construír a identidade persoal e colectiva dun pobo.

Libros de lectura obrigatoria

O libro de lectura deberá ser lido fóra do tempo de aulas, realizarase ao longo do trimestre unha sesión como mínimo de posta en común para garantir que se está realizando unha correcta interpretación da lectura e para permitir que o alumnado resolva dúbidas sobre o contido da lectura ou que poña en común as súas reflexións ao respecto do libro.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

Materiais e recursos didácticos

Libros de lectura obrigatoria:

1.º trimestre: O que sei do silencio, Andrea Maceiras, Ed. Xerais

2.º trimestre: Subnormal, Fernando Llor e Miguel Porto, Retranca editora

3.º trimestre: Os vellos non deben de namorarse, Castelao

Libro de texto: Lingua galega e Literatura, Editorial Anaya, edición 2022. Aulas virtuais do centro.

Material complementario:

En rede

- Dicionario Real Academia Galega (app ou versión en rede)
- Dicionario de pronuncia da lingua galega.
- Proxecto Cotovía.
- Cantigas Medievais Galego-Portuguesas (Universidade Nova de Lisboa)
- Son de poetas
- Xornais dixitais

Físico

- Edición facsimilar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional
- Revista O papagaio, edición especial Galiza na Idade Media
- Baralla medieval
- Diferentes libros segundo vinculación con datas concretas: día de Rosalía, día da Poesía, día das Letras galegas etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial supón unha ferramenta enormemente eficaz para determinar o grao de adquisición de coñecementos dos cursos previos así como o grao de consecución das destrezas lingüísticas en relación á materia de Lingua galega e Literatura. No nivel de 3.º de ESO consideramos fundamental a realización dunha práctica de expresión oral e dunha práctica de expresión escrita que nos permita establecer unha radiografía da situación da aula con respecto á nosa materia. En caso de consideralo necesario tamén se realizaría unha proba oral ou escrita co fin de activar coñecementos adquiridos durante os cursos anteriores, nomeadamente categorías gramaticais, cuestións xerais sobre o substantivo, o adxectivo e o verbo e características dos xéneros lírico, narrativo e dramático. Por outro lado revisaranse os informes individualizados do alumnado elaborados o curso anterior, coa finalidade de realizar unha análise o máis exhaustiva que for posíbel das necesidades do alumnado da aula e do punto de partida con respecto á nosa materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	35	45	45	50	50	50	60	0	55	<b>43</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	65	55	55	50	50	50	40	100	45	<b>57</b>

**Criterios de cualificación:**

A materia de Lingua galega e Literatura presenta os seguintes criterios de cualificación para todo o nivel de ESO:

- Probas escritas obxectivas sobre os contidos impartidos no trimestre: 50 %
- Libro de lectura (traballo ou proba oral ou escrita): 20 %
- Expresión oral (proba oral ou traballo): 10 %
- Expresión escrita (proba escrita ou traballo): 10 %
- Traballo diario, seguimento do caderno, traballo en equipo e intervencións na aula: 10 % A materia está aprobada se se consegue un 5.

No caso de que o profesorado detecte que nalgunha proba ou nalgún traballo foron utilizados métodos fraudulentos para a súa realización ese exame ou traballo será repetido polo/a alumno/a na data que lle sexa indicado polo/a docente.

**DESCONTOS POR ERROS**

Nos exames e en traballos escritos, tendo en conta a súa valoración sobre 10 puntos, ademais dos contidos

conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística dos textos, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar até un máximo de 2 puntos. Se as probas non están valoradas sobre 10 puntos, as reducións suporán a parte porcentual. Os erros poderán ser:

Moi graves: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,2 puntos c/u.

Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0,1 c/u.

Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

### **Criterios de recuperación:**

Na etapa de ESO non se realizan recuperacións por trimestres. Aplicamos os principios da avaliación continua para revisar e ter en consideración todo o traballo desenvolvido polo alumnado ao longo do curso.

Para o resultado da avaliación final teranse en conta as cualificacións obtidas en cada avaliación e ademais considerarase o traballo e a evolución do/a alumno/a ao longo de todo o curso.

Apróbase o curso ao aprobar dúas avaliacións, sendo unha delas necesariamente a última, é dicir, aprobando a primeira e a terceira ou aprobando a segunda e a terceira.

Non hai un exame global da materia, o alumnado que suspenda dous trimestres realizará probas parciais de recuperación dos diferentes contidos que teña suspensos, personalizadas a cada caso.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado deberá seguir un plan de traballo deseñado desde o Departamento, atendendo os contidos e estándares de aprendizaxe básicos. Este plan de traballo incluírá unha serie de actividades de recuperación que conduzan ao logro das competencias básicas. O conxunto de actividades deberán entregarse nas datas establecidas para a súa corrección. Os boletíns de exercicios suporán o 100% da cualificación nos diferentes trimestres.

Alén disto, dado que a aprendizaxe dunha lingua debe ter carácter progresivo, terá sida en conta a evolución e desenvolvemento de cada alumno/a no seu curso actual.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Partindo da Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se impartan as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación debemos ter en conta que todas as medidas que se tomen no ámbito da atención á diversidade deben ir dirixidas á consecución do beneficio académico e social do alumnado. Coa finalidade de atinxir de forma efectiva un deseño curricular adaptado ás necesidades de cada alumno/a o profesorado debe colaborar coas titorías dos diferentes grupos do nivel e co Departamento de orientación, procurar a variación metodolóxica, aplicar os principios do deseño universal da aprendizaxe (DUA) e coordinarse co resto do profesorado do nivel. Como principios de actuación xerais desde a materia de Lingua galega e Literatura tratarase sempre de acompañar o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a, favorecendo a detección dos seus puntos fortes e colaborando para mellorar naquelas destrezas e aprendizaxes que lle resulten máis complexas. Procurarase manter unha metodoloxía variada dentro da aula, de favorecer as dinámicas de coñecemento e reforzo do grupo e de facilitar o coñecemento interpersonal do alumnado a través de diferentes modos de agrupamento. Atendendo ao recollido no citado marco lexislativo clasificaremos as diferentes medidas a adoptar nos seguintes apartados:

A) Alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Entendendo este grupo de alumnado como aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria por trastornos de atención ou de aprendizaxe integramos neste apartado o alumnado diagnosticado de TDAH. En cumprimento coas indicacións fornecidas polo Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario alternaranse os períodos expositivos coa realización de actividades, procurando sempre a diversidade na tipoloxía de actividades, interactuarase co alumnado durante os períodos expositivos, especialmente con preguntas de control do seguimento ou de intervención no caso do alumnado con TDAH, utilización de apoios visuais nas explicacións, reforzo verbal dos logros e amoestación ou chamadas de atención en privado e control do uso da axenda. Canto á realización de probas escritas flexibilizarase o seu tempo, permitirase a división das probas en dous días en caso de ser necesario e presentarse a proba con enunciados, claros, sinxelos, directos, evitando as preguntas con apartados.

B) Alumnado con necesidades educativas especiais. O alumnado pertencente a este grupo contará cunha adaptación

de contidos e de tarefas en función dos parámetros establecidos conxuntamente co Departamento de orientación e co profesorado titor de cada grupo.

C) Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural. No caso de contar na aula con alumnado en situación de desigualdade derivada de calquera factor procurarase facer un seguimento do seu traballo, potenciar o uso da axenda e a realización de tarefas no tempo da aula así como contar con sesións de preparación de tarefas específicas relacionadas coa lectura. Así mesmo flexibilizaranse ou adaptaranse formalmente,, en caso de ser preciso, as entregas solicitadas a través da aula virtual da materia ou de ferramentas dixitais.

D) Alumnado con altas capacidades intelectuais. O alumnado que conte con diagnóstico de altas capacidades recibirá tarefas destinadas a potenciar as súas capacidades. Na asignación de temas de traballo procurarase sempre que os adxudicados lle resulten motivadores e supoñan un reto. Prestarase especial atención na aula a este perfil de alumnado de forma que se garanta que mantén un ritmo de traballo e de aprendizaxe adecuado e que resulte satisfactorio para o seu desenvolvemento tanto académico como sociopersoal.

E) Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo. Na materia de Lingua Galega e Literatura forma parte deste grupo o alumnado exento da materia. Este alumnado asiste ás aulas con regularidade e debe realizar as mesmas tarefas que o resto do alumnado, aínda que se lle facilitará material específico que garanta que unha vez finalizado o período de exención o alumnado poida lograr o éxito na avaliación da materia. Para a elaboración do citado material adaptado a cada alumno/a deberá ser tida en conta a lingua de partida do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial								
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X					
ET.9 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Igualdade de xénero, respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X

	UD 9
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X
ET.7 - Creatividade	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X
ET.9 - Formación estética	X
ET.10 - Igualdade de xénero, respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.11 - Resolución pacífica de conflitos	X

#### Observacións:

Elementos transversais recollidos da Lei orgánica 3/2020 de 29 de decembro e do Decreto 156/2022 de 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade autónoma de Galicia. A comprensión lectora e a expresión oral e escrita forman parte intrínseca da materia, e, por tanto, serán traballados constantemente tanto desde o punto de vista dos contidos e das situacións de aprendizaxe como desde a perspectiva dos contidos transversais.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1.º trimestre: Santa compañía	Alumnado voluntario de 3.º de ESO comporará un ou varios grupos da Santa Compañía para visitar o alumnado dos cursos de 1.º, 2.º e 3.º de ESO co fin de contar a orixe da Santa compañía e narrar historias de medo elaboradas previamente na aula polo alumnado.	X		
2.º trimestre: Os mandados do Meco	O alumnado de 3.º de ESO elaborará os mandados do Meco que o resto do instituto ten que seguir durante a semana de celebración do Entroido		X	
2.º trimestre: Día de Rosalía	Participación na actividade proposta pola AELG para celebrar o Día de Rosalía		X	



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2.º trimestre: roteiro polas cidades de Ferrol e de Pontedeume	Como parte do Proxecta en innovación lingüística que profesorado do centro desenvolve con profesorado do IES Ferrol Vello (Ferrol) o alumnado deseñará un roteiro pô-la cidade da Coruña e realizará os roteiros de Ferrol e de Pontedeume		X	
2.º trimestre. Día da poesía	Lectura e visionado de diferentes poemas contemporáneos. Escritura de poemas.		X	
3.º trimestre: Día das Letras galegas	Realización dunha actividade para festexar o Día das Letras galegas			X
3.º trimestre: Breakout literario	Realización dun breakout literario na Biblioteca do centro. O alumnado dividirase en equipos para investigar a literatura galega do século XIX e resolverá diferentes retos coa finalidade de obter pistas para abrir caixas.			X
3.º trimestre. Día do libro	Preparación dun vídeo grupal.			X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.



15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase facendo unha valoración grupal e outras individualizadas..
22. Mantívoase contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

### Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes". Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Os ditos indicadores de logro valoráranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final. Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior. A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

- Introdución.
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.
- Medidas de atención á diversidade.
- A concreción dos elementos transversais.
- As actividades complementarias.
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se for precisa unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
  - O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
  - Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
  - Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
  - En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
  - Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
  - Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
  - Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
  - Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
  - Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
  - Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior. Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.
1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
  2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
  3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
  4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
  5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
  6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
  7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
  8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
  9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
  10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
  11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
  12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
  13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento. Na acta da última reunión do departamento recolléranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados